



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

REXISTRO XERAL DO VALEDOR DO POBO

SANTIAGO DE COMPOSTELA

Data: 04/03/2019 8:58:39

SAIDA

3070/19



Reclamante: [REDACTED]

Expediente. Nº RSCTG 014/2019

Correo electrónico:

ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo

Vista a reclamación presentada por [REDACTED], remitida con data do 17 de xaneiro de 2019, a Comisión da Transparencia, considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, adopta a seguinte resolución:

ANTECEDENTES

Primeiro. [REDACTED] presentou, con data do 17 de xaneiro de 2019, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo governo, na que solicita amparo á Comisión da Transparencia ante a falta de contestación dos seus requisitos de solicitude de información necesaria para o cumprimento das súas obrigas como concelleiro municipal.

Dado que a súa reclamación a realiza na súa condición de concelleiro, con data do 18 de xaneiro de 2019, requíruselle para que aclarase cales das súas solicitudes de acceso á información as realiza para o cumprimento das súas funcións como concelleiro, e cales as formula como cidadá.

Segundo. Con data do 30 de xaneiro de 2019, o interesado remite escrito no que aclara que todas as solicitudes de información as realiza na súa condición de concelleiro e portavoz do grupo municipal Alternativa Veciñal-Son, no exercicio dos seus dereito e ao amparo do artigo 77 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Régime Local.

O escrito viña acompañado de copia das solicitudes da referida información ao concello.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

A lexislación aplicable a este procedemento vén configurada pola citada Lei 19/2013, do 9 de decembro, e pola Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, xunto coa lexislación básica en materia de procedemento administrativo.

O artigo 28 da Lei 1/2016, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública poderá interpoñerse unha reclamación perante o Valedor do Pobo; e o artigo 33 da mesma lei indica que corresponde á Comisión da Transparencia (órgano colexiado) a resolución das reclamacións fronte ás resolucións de acceso á información pública que establece o seu artigo 28.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, preceptúa que o procedemento se axustará ao previsto nos parágrafos 2 a 4 do artigo 24 da Lei 19/2013. Esta Lei establece que a reclamación ten carácter potestativo e previa á impugnación en vía contencioso-administrativa, e que se axustará na súa tramitación, ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

Terceiro. Dereito de acceso á información pública

A Lei 1/2016, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións.



(+34) 981 56 97 40



info@comisiondatransparencia.gal



Rúa do Hórreo, 65
15700, Santiago de Compostela
A Coruña



www.comisiondatransparencia.gal

O artigo 12 da Lei 19/2013, configura o dereito de acceso á información pública de forma ampla, sendo titulares do mesmo todas as persoas. A Lei 1/2016 sinala que o solicitante non está obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (artigo 26.4).

Cuarto. Análise do expediente

O interesado, na súa condición de edil dun grupo municipal da Corporación Local do Carballiño solicita o amparo da Comisión da Transparencia porque o concello lle impide, de forma reiterada, o exercicio do seu dereito establecido no artigo 77 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladoras das bases de réxime Local, segundo o cal, os membros de Corporacións Locais teñen dereito a obter do alcalde ou da Xunta de Goberno, cantes antecedentes, datos ou información obren en mans dos servizos da Corporación e son necesarios para o desenvolvemento da súa función.

Antes da entrada en vigor da Lei 19/2013 existían xa normas que, en determinados ámbitos, regulaban o dereito de acceso á información, entre a que se poden atopar a referente ao acceso á información por parte dos cargos representativos locais no exercicio da súa función. Como dereito fundamental no exercicio dunha función representativa (artigo 23 da Constitución Española), este dereito é desenvolvido na Lei 7/1985 e no o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais. A referida normativa, recoñece o dereito dos membros das Corporacións locais de obter do Alcalde ou Presidente ou da Xunta de Goberno canta información ou documentación se atope en poder da entidade local que resulte necesaria para o exercicio das súas funcións representativas e establece ademais o procedemento para a súa obtención, o sentido do silencio, e o deber de gardar reserva en relación coa información obtida.

Así mesmo, o acceso á información por parte dos membros das corporacións teñen dúas vías de protección ordinaria -o recurso potestativo de reposición e o recurso contencioso-administrativo-, ademais de garantías adicionais como son o procedemento para a protección dos dereitos fundamentais da persoa regulado pola Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, e o recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

Por tanto estamos ante un procedemento específico de acceso á información por parte dos concelleiros no exercicio da súa función en exercicio dun dereito fundamental.

No presente caso, a solicitude de acceso á información se fai en condición de concelleiro do solicitante, polo que de acordo coa disposición adicional primeira da Lei 19/2013, que establece que rexeranse pola súa normativa específica aquelas materias que teñan previsto un réxime xurídico específico de acceso á información, no cabe senón inadmitir a reclamación presentada.


ACORDA

Único: Inadmitir a reclamación presentada por [REDACTED] contra a desestimación por silencio administrativo das súas solicitudes ao Concello do Carballiño, de obtención de información, na súa condición de concelleiro.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa únicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, de conformidade co previsto no artigo 8.3 a Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 27 de febreiro de 2019

A presidenta da Comisión da Transparencia



Milagros Otero Parga